



Publícanse todos os comentarios, agás os inxuriosos ou os non relacionados directamente cos asuntos que se van debater

## **A web do Parlamento ofrece a posibilidade de que os cidadáns e as cidadás opinen e formulen suxestións sobre o Proxecto de lei de augas**

- O epígrafe de “Participación cidadá” da web está orientado a recoller a opinión dos cidadáns e das cidadás sobre as iniciativas legislativas en trámite, como proxectos de lei, proposicións de lei, proposicións de iniciativa legislativa popular e proposicións de lei para presentar no Congreso

**Santiago, 14 de xuño de 2010.-** A páxina web do Parlamento de Galicia ([www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es)) ofrece, no apartado de “Participación cidadá” a posibilidade de que calquera persoa poida opinar ou formular suxestións sobre o contido das diferentes iniciativas legislativas que se atopan en fase de tramitación en cada momento.

É o caso, entre outros, do Proxecto de lei de augas de Galicia, que vén de ser publicado na web e está á disposición de todas as persoas para que coñezan o texto que será sometido a debate parlamentario e, se o desexan, poidan formular suxestións.

Todos os comentarios son revisados antes de ser publicados na web, dado que se omiten os de carácter inxurioso ou os non relacionados directamente co texto a debater.



O apartado de “Participación cidadá” da web institucional do Parlamento de Galicia está pensado para informar e recoller a opinión dos cidadáns e das cidadás sobre todas as iniciativas legislativas en tramitación, como proxectos de lei, proposicións de lei, proposicións de iniciativa legislativa popular e proposicións de lei para presentar no Congreso.

As propostas efectuadas polos internautas son trasladadas aos Servizos Xurídicos da Cámara, que, á súa vez, as poñen á disposición dos deputados e deputadas participantes na tramitación parlamentaria de cada unha das leis.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.